



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Teléfono: 981546562 Fax:981546551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

CIRCULAR 4/2009, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, PARA A ORGANIZACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS ENSEÑANZAS DE BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS, NAS MODALIDADES PRESENCIAL E A DISTANCIA, NOS IES E CENTROS EPA AUTORIZADOS PARA IMPARTILAS, NO CURSO 2009/10.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou o bacharelato para persoas adultas pola modalidade a distancia por orde do 26 de abril de 2007, DOG do 8 de maio, establecendo un bacharelato a distancia con titorías telemáticas e un bacharelato a distancia semipresencial, no que o alumnado recibe atención do profesorado a través de titorías presenciais. Igualmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén de regular as ensinanzas de bacharelato presencial para persoas adultas na Orde do 7 de xullo de 2009 (Orde pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia).

O propósito das ordes citadas é brindar unha atención educativa adaptada ás diversas condicións e circunstancias das persoas adultas, achegando a cada persoa o tipo de interacción axeitado para cursar con éxito os estudos de bacharelato.

Con data 23 de xuño de 2008 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 126/2008, de 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese a nova ordenación curricular do bacharelato e as modalidades polas que se pode cursar. Na súa disposición adicional cuarta, concrétnanse as condicións nas que o alumnado procedente do bacharelato ordinario se pode incorporar ao bacharelato para persoas adultas. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolveu o establecido no decreto mencionado na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 27. Estas normas teñen carácter supletorio para todo o non establecido explicitamente para o bacharelato para persoas adultas.

Para regular a implantación do bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, adaptándoo á normativa antes citada e para unificar criterios de funcionamento nos centros que o imparten, a dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2009/2010.

O BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS. ASPECTOS COMÚNS

1. Condicións de acceso ao bacharelato para persoas adultas.

1.1. Requisitos de idade

a) Poderán matricularse nas ensinanzas de calquera das modalidades do bacharelato para persoas adultas todas as persoas maiores de dezoito anos, ou que os cumpran antes do 31 de decembro do ano 2009.

b) Tamén poderán matricularse aquelas persoas maiores de dezaseis anos que teñan un contrato laboral en vigor ou sexan deportistas de alto nivel. Calquera destas circunstancias deberá ser acreditada documentalmente á hora de formalizar a matrícula.



c) A dirección do centro correspondente poderá autorizar a matriculación no bacharelato a distancia do alumnado interno en réxime pechado nun centro de reeducación de menores baixo a custodia do organismo competente da Xunta de Galicia. Para isto será necesario a certificación emitida polo responsable do centro onde o menor cumpra esas medidas de internamento.

d) O xefe do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar a matriculación no bacharelato pola modalidade a distancia do alumnado maior de dezaseis anos que non poida asistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico. Para iso será necesario a seguinte documentación: certificación médica oficial, informe do xefe do departamento do servizo de orientación do centro de procedencia e informe da inspección educativa.

1. 2. Requisitos académicos

Primeiro de bacharelato. Poderán matricularse nas ensinanzas de primeiro de bacharelato as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- b) Estar en posesión do título de técnico correspondente á formación profesional específica de grao medio.
- c) Estar en posesión do título de técnico deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de grao medio.
- d) Ter aprobado o segundo curso do bacharelato unificado e polivalente ou, como máximo, con dúas materias non superadas.
- e) Posuír o título de técnico auxiliar de formación profesional de primeiro grao.
- f) Ter superados os estudos do primeiro ciclo do programa experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).
- g) Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficios artísticos.

Segundo de bacharelato. Poderán matricularse nas ensinanzas de segundo de bacharelato as persoas procedentes de réximes de ensinanzas extinguidos que cumpran algún dos requisitos académicos seguintes:

- a) Ter superado o terceiro curso do bacharelato unificado e polivalente e título de bacharel. Os alumnos nestas condicións poderán matricularse en calquera modalidade de bacharelato, independentemente da especialidade pola que cursaron terceiro de BUP.
- b) Ter superado terceiro curso de formación profesional de segundo grao (réxime de ensinanzas especializadas).
- c) Ter superado segundo curso de formación profesional de segundo grao (réxime xeral).
- d) Ter superado primeiro curso dunha modalidade de bacharelato experimental.
- e) Ter superada a segunda especialidade ou título de graduado en artes aplicadas e oficios artísticos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Teléfono: 981546562 Fax:981546551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

O alumnado que acceda ao bacharelato desde os ciclos formativos de grao medio e desexe validar algunha das materias cursadas deberalle solicitar á dirección do centro educativo a correspondente validación, quen resolverá á vista da certificación académica dos estudos realizados e do establecido nos reais decretos dos correspondentes títulos.

1.3. Alumnado procedente do bacharelato ordinario

De acordo co establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 23 de xuño, o alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario conservará a cualificación positiva destas no réxime de persoas adultas.

2. Organización xeral

- a) Segundo o establecido na disposición transitoria primeira da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar 2009/10, as materias de primeiro e segundo curso de bacharelato impartiranse de acordo cos currículos establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O alumnado que, segundo establece esta circular, poida continuar e rematar os estudos de bacharelato durante os cursos escolares 2009-10 e 2010-11 de acordo co establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo, integraranse nos mesmos grupos de alumnos que seguen as ensinanzas de bacharelato reguladas polo Decreto 126/2008, do 19 de xuño, pero serán avaliados de acordo co currículo establecido no Decreto 231/2002, do 6 de xuño.
- c) En aplicación do establecido no artigo 5, punto 7, do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, cando un alumno ou unha alumna dos considerados no apartado anterior cursara e non superara no bacharelato presencial unha materia non incluída xa entre as impartidas polo centro no que cursa os seus estudos, poderá matricularse dela pola modalidade a distancia.

3. Condicións de matriculación no curso 2009-10

3.1. Alumnado procedente do bacharelato ordinario

- a) O alumnado que cursou e superou ata o final do curso 2007-08 materias de primeiro curso de bacharelato polo réxime ordinario incorporárase ao bacharelato para persoas adultas de acordo co establecido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño. Conservará a cualificación positiva das materias superadas e terá que cursar a materia común de 1º curso Ciencias para o mundo contemporáneo.
- b) O alumnado que cursou e superou ata o final do ano académico 2007-2008 o primeiro curso de bacharelato completo, incorporárase ao bacharelato para persoas adultas de



acordo coa estrutura e co currículo establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, considerándose o primeiro curso de bacharelato superado a todos os efectos.

- c) O alumnado que no ano académico 2008-2009 ou anteriores cursou as ensinanzas de 2º de bacharelato polo réxime ordinario de acordo co establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, e non superou como máximo tres materias poderá incorporarse ao bacharelato de persoas adultas e cursar esas materias durante os cursos 2009-2010 e 2010-2011 de acordo coa estrutura e currículo establecidos no citado decreto.
- d) O alumnado que no ano académico 2008-2009 ou anteriores cursou as ensinanzas de 2º de bacharelato polo réxime ordinario de acordo co establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño, e non superou catro ou máis materias, incorporárase ao bacharelato de persoas adultas e cursará esas materias de 2º curso de acordo coa estrutura e currículo establecidos no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, debendo cursar as materias obrigatorias de cada modalidade.

3.2. Alumnado procedente do bacharelato de persoas adultas

- a) O alumnado que cursou e superou ata o final do curso 2007-08 bloques de materias ou materias illadas do bacharelato para persoas adultas poderá cursar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O alumnado que cursou durante o ano escolar 2008-09 segundo curso completo de bacharelato para persoas adultas ou materias de segundo, poderá rematar durante os cursos 2009-10, e 2010-11 os estudos de bacharelato segundo o establecido pola Orde do 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) As diversas circunstancias de matriculación do alumnado aparecen recollidas no Anexo II desta circular.

4. Avaliación

- a) A avaliación do alumnado de cada materia será responsabilidade a todos os efectos do departamento didáctico correspondente do centro autorizado para impartir estas ensinanzas.
- b) Cada departamento didáctico, de acordo coa súa programación, determinará os contidos de referencia do currículo que serán obxecto de cada avaliación, a secuencia da súa ensinanza e calquera outra circunstancia que lle facilite ao alumnado o logro dos obxectivos propostos.
- c) Realizaranse, como mínimo, tres avaliacións de carácter formativo ao longo do curso. Rematado o período lectivo, e coincidindo coa sesión da última avaliación, procederase á realización da avaliación final do alumnado.
- d) O alumnado que non se presente a algunha ou a todas as avaliacións parciais poderá presentarse directamente ás avaliacións finais ordinaria ou extraordinaria.